Conservación contadores (€/abonado/mes)	0,3479
Conservación de acometidas de abastecemento (€/abonado/mes)	0,2142
4. XESTIÓN DE COBRAMENTO A IMPAGADOS	
Cobramentos aos subscritores morosos dos gastos ocasionados pola	4,51

comunicación dos recibos pendentes de pagamento (€/ud.)	
5.- DESPRECIADO DE CONTADORES POR CORTE DE SUBMINISTRO	
Por desprecitado de contador para restablecer o subministro despois do corte deste (€/ud)	29,57
6.- CONEXIÓN A REDE DE CONTADORES E PRECINTADO DE UNIONS	
Por conexión a rede de contadores instalados por persoal alleo ao servizo e precintado das unións (€/ud.)	19,69
7.- COMPROBACIÓN DE CONTADOR DE SUBSCRITOR CON CONTADOR PATRÓN	
Por comprobación do contador de subscritor, a petición deste, e soamente en caso de funcionamento correcto do contador (€/ud.)	9,85
PREZOS CONTADORES E ACOMETIDAS	
1.- PREZO DE ACOMETIDAS	
Faise o cálculo sobre a base da acometida normal de 5m. de lonxitude máxima	
Materials	
Colariño de toma	
Enlaces	
Canalización de P.E.: 1 a 5 m.	
Chave de paso	
Tapa de fundición de 15 x 25	
Obra civil.	
Arqueta para colocación da tapa de 15 x25	
Lonxitude de zanja: 1 a 5 m. (apertura, peche e reposición do pavimento)	
Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na zanja	
Diámetro acometida (A) Zanja tierra (B) Zanja asfalto (C) Zanja baldosa-acera	
3/4"	187,92 247,90 299,15
1"	206,35 265,76 316,45
1y1/4-1y1/2"	273,23 333,20 383,91
2"	325,16 383,90 435,27
Incremento en el precio de la acometida para acometidas superiores a 5 mm.	
Acometidas de máis de 5 m.	3/4" 1" 1,5" 2"
(A) Incremento €/m	10,24 11,93 17,08 27,64
(B) Incremento €/m.	22,48 24,21 29,32 40,82
(C) Incremento €/m	27,00 28,69 33,77 45,32
2.- PREZO DE CONTADORES	
1.- Contador de 13/15 mm. Instalación en batería de contadores o similar	
- Contador, válvula antiretorno y piezas de conexión: €/ud	
2.- Contador de 20 mm. Instalación en batería de contadores o similar	
- Contador, válvula antiretorno y piezas de conexión: €/ud	
TARIFA DE CONTADORES (sen colocación): €/ud.	
diámetro de 13 mm.	64,51

diámetro de 15 mm.	64,51
diámetro de 20 mm.	90,82
diámetro de 25 mm.	147,92
diámetro de 30 mm.	206,77
diámetro de 40 mm.	320,62
diámetro de 50 mm.	700,36
diámetro de 65 mm.	868,21
Nota: Estes prezos veranse incrementados co I.V.E. vixente	

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P., e comenará a aplicarse con efectos 01/01/2016, si a devandita data xa está formalizado o contrato administrativo coa empresa resultante da adxudicación acordada polo Pleno en sesión de 19 de agosto de 2015. No caso contrario, e para o actual concesionario (segundo contrato administrativo de 14/06/1994) seguirán vixentes as tarifas aprobadas na sesión plenaria de 03/10/13 e publicadas no BOP nº 240 de 16/12/13, e corrección de erros no BOP nº 246 de 26/12/2013.

Segundo.- Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.

2ª VOTACIÓN.

O Sr.Alcalde en funcións somete a votación el punto APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO, resultando: 8 votos a favor, PP; abstencións: 8 (4, PSOE; 2, EU-SON; 2,BNG).

E por isto que o Pleno, por maioría, ACORDA:

Primero.- Aprobar la modificación del artículo 5 y Disposición Final de la Ordenanza Fiscal nº 8 reguladora de la tasa por prestación del servicio de saneamiento, con el siguiente detalle:

"Artigo 5º. Cota tributaria.

A cota desta Taxa será a seguinte:

CONCEPTOS	TARIFA
1. Pola concesión da autorización de conexión:	
- Por cada m2. habitable de cada inmueble, independentemente de cada piso ou local, no suposto de propiedade horizontal	4,11 €
- Mínimo establecido	291,33 €
2. Pola utilización do servizo:	
1.- Por vivenda ou local (sen actividade), (€/ trimestre)	11,5201
2.- Por establecemento industrial ou comercial, (€/ trimestre) ...	17,3003
3.- Uso de obras (€/trimestre)	14,3903
4.- Hostais, pensións e hoteis, (€/ habitación/trimestre)	1,1107

5.- Cámpings, (€/ parcela/ trimestre)	1,7125
3.Conservación de acometidas (€/abonado/mes)	0,4283
4. Xestión de cobro de impagados (Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago (€/ud)	4,51
5. Acometidas de saneamento	
Ud. De acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubaría de 160/200mm/5atm, incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión ao colector existente con pieza especial estanca, ata una profundidade máxima de 1,50 m. e unha lonxitude máxima de 5 m.	
Zanxa en terra	424,10 €
Zanxa en asfalto	483,65 €
Zanxa en beirarrúa	531,24 €
Nota: Todas estas tarifas veranse incrementadas con o I.V.E. vixente	

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P., e comezará a aplicarse con efectos 01/01/2016, si a devandita data xa está formalizado o contrato administrativo coa empresa resultante da adjudicación acordada polo Pleno en sesión de 19 de agosto de 2015. No caso contrario, e para o actual concesionario (segundo contrato administrativo de 14/06/1994) seguirán vixentes as tarifas aprobadas na sesión plenaria de 03/10/13 e publicadas no BOP nº 240 de 16/12/13, e corrección de erros no BOP nº 246 de 26/12/2013"

Segundo.- Remitir el presente acuerdo al BOP y a un diario de mayor difusión a efectos del cumplimiento del trámite de exposición pública.

7.- APROBACIÓN. SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DE VAL MIÑOR.

O Sr.Alcalde en funcións cede a palabra ó **SR.SECRETARIO**, quen da conta da seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDIA

En data 28 de abril de 2015 a Xunta da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor prestou aprobación inicial a modificación dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor trala modificación dos Estatutos aprobados inicialmente en data 29 de abril de 2013 en cumprimento Disposición Transitoria undécima Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

O expediente someteuse a período de exposición ao público polo prazo dun mes contado inserción de anuncio no BOP de Pontevedra de data 15 de maio de 2015 sen que durante o mesmo se presentase ningunha alegación.

En data 9/06/2015 emítase o seguinte informe xurídico que se eleva a Dirección Xeral de Administración Local <<Visto que trala aprobación inicial dos Estatutos en data 29 de abril de 2014 a Dirección Xeral de Administración Local emitiu informe segundo o sinalado no artigo 143 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración Local de Galicia no que entres outras observacións, sinala que << de conformidade co artigo 92.bis da Lei 7/85, de 2 de abril introducido pola Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local a normativa que resulta de aplicación, en tanto en canto non se aprobe o pertinente regulamento estatal será o Real Decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión dos postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional modificado polo Real Decreto 834/2003, do 27 de xuño.>> E por isto que existe un erro no o artigo 23 dos Estatutos de forma que en lugar de "No cadro de persoal e na relación de postos de traballo da mancomunidade fixaranse as prazas e postos necesarios para o exercicio das funcións reservadas a habilitados de carácter nacional que serán exercidas por estes funcionarios de acordo co sistema de provisión previsto no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios con habilitación de carácter nacional." Debe dicir <<No cadro de persoal e na relación de postos de traballo da mancomunidade fixaranse as prazas e postos necesarios para o exercicio das funcións reservadas a habilitados de carácter nacional que serán exercidas por estes funcionarios de acordo co sistema de provisión previsto no Real Decreto 1732/1994, do 29 de xullo,

sobre provisión dos postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional modificado polo Real Decreto 834/2003, do 27 de xuño>>

E por isto que na proposta que por parte da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor se remita aos concellos mancomunados para a súa aprobación logo do período de exposición pública e obtención de informes rectificárase dito artigo nos termos sinalados no informe da Dirección Xeral de Administración Local de data 19 de maio de 2014.>>

En data 18/06/2015 número rexistro de entrada 207 remítese o informe da Deputación Provincial no que fai constar << No apartado 9 do art. 6 dos Estatutos hai que modificar a referencia ó termo municipal, pois está facendo referencia a todo territorio da entidade>>.

Consta informe favorable da Dirección Xeral de Administración local (número rexistro de entrada 353 de data 3/09/2015) condicionado ao cumprimento do antedito no informe xurídico.

Remitida a proposta da Presidencia da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor e conforme o artigo 143 da Lei 5/1999, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobación das modificacións dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor segundo acordo aprobado pola Xunta da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor en data 28 de abril de 2015 e modificacións dos artigos 6.9 (eliminación da referencia << no termo municipal>> e 23.1 segundo o sinalado no informe da Dirección Xeral de Administración Local e Informe xurídico da Secretaría da Mancomunidade segundo a seguinte proposta
MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO VAL MIÑOR

A modificación dos Estatutos ven determinada pola Disposición Transitoria Undécima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que obriga a adaptación dos estatutos das Mancomunidades ó previsto no artigo 44 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, para non incorrer en causa de disolución." Asemade con motivo da preceptiva modificación e dado que os Estatutos da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor aprobados polo Plenos dos Concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán foron publicados no BOP nº 201 de data 19/10/1995, e polo tanto con anterioridade a entrada en vigor da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local procédese a súa adaptación (artigos 142 e seguintes, incorporouse o réxime de dereitos e deberes, a designación dun vicepresidente) á vez que considérase oportuno clarear determinadas cuestións que daba lugar a dúbidas na súa interpretación e posterior aplicación e eliminar algunhas determinacións que non se consideraban procedentes

CAPÍTULO I **Constitución da Mancomunidade**

Artigo 1.- Municipios que a integran.- Constitúen a Mancomunidade de Municipios do Val Miñor os de Baiona, Gondomar e Nigrán da provincia de Pontevedra.

Artigo 2.- Denominación.- A Entidade Local constituída conforme a estes estatutos, denominarase: Mancomunidade de Concellos do Val Miñor.

Artigo 3.- Radicación dos seus órganos de goberno e administración.- Os órganos de goberno e administración situaranse no municipio de Baiona. Non obstante, mediante acordo da xunta da mancomunidade, adoptado co quórum de maioría absoluta, poderá establecerse a sede da Mancomunidade en calquera outro Concello integrante da mesma.

Artigo 4.- Prazo de vixencia: Indefinida, dado o carácter permanente dos fins que motivaron a súa creación, sen prexuízo do disposto nestes Estatutos sobre disolución da Mancomunidade.

Artigo 5.- Personalidade xurídica: Consonte o artigo. 44.2 da Lei 7/85 do 2 de Abril, a Mancomunidade terá plena personalidade e capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins segundo os presentes estatutos, polas mencionadas leis, regulamentos e normas complementarias de aplicación.

Para o cumprimento dos fins que lle corresponden a Mancomunidade dentro das súas competencias de conformidade coa lexislación de réxime local exercer as potestades atribuídas no artigo 4.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e o artigo 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

En xeral, e dentro da legalidade e do seu ámbito competencial a mancomunidade poderá adquirir, posuír e reivindicar, permutar, gravar o enaxenar toda clase de bens, celebrar contratos, interpor os recursos pertinentes e exercer accións previstas nas leis,

CAPÍTULO II **Fins da Mancomunidade**

Artigo 6.- Dos fins da Mancomunidade.-

Os fins da Mancomunidade, no seu ámbito territorial, serán:

1. Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade

2. Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social.
3. Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión de residuos sólidos urbanos.
4. Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local
5. Protección civil, prevención e extinción de incendios
6. Protección da salubridade pública
7. Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.
8. Promoción da cultura e equipamentos culturais.
9. Promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións.

A Mancomunidade irá substituíndo aos Concellos na prestación dos referidos servizos, segundo se vaian establecendo e no caso das competencias dos servizos de recollida e tratamento de residuos, acceso a núcleos de poboación, pavimentación de vías urbanas e alumeadado publico estarase o sinalado no artigo 26.2 da LRBRRL respecto as facultades de coordinación da Deputación Provincial

Artigo 7.- Forma de xestión dos servizos: a Xunta da Mancomunidade, determinará, para cada servizo en concreto a súa forma de xestión, dentro das previstas na lexislación de Réxime Local vixente.

CAPÍTULO III Órganos de goberno e administración

Artigo 8.- Órganos de goberno e administración: O goberno e a administración da Mancomunidade estarán a cargo dos seguintes órganos:

1. Xunta da Mancomunidade
2. Comisión de Goberno
3. Presidente e Vicepresidente
4. Comisión Especial de Contas

Colabora na administración da mancomunidade o seguinte persoal directivo: Secretario, Interventor, e Tesoureiro. Estes cargos haberán de ser exercidos no seu caso, por funcionarios con habilitación de carácter nacional.

Artigo 9.- Xunta da Mancomunidade: E o órgano supremo de goberno e administración da Mancomunidade, á que personifica co carácter de Corporación de dereito público.

Cada municipio estará representado na Xunta da Mancomunidade polo seu Alcalde, con carácter nato, e ademais, por catro concelleiros, designados polo Pleno de cada Concello entre os seus membros.

Os Concelleiros representantes dos Concellos na Xunta da Mancomunidade cesarán no seu mandato pola perda da súa condición representativa ou cando sexan substituídos, polo Concello ó que representen.

Tódolos membros da Xunta da Mancomunidade terán voz e voto nas sesións.

A Xunta da Mancomunidade constituirase en sesión pública, convocada polo presidente en funcións, dentro dos tres meses seguintes aos da data de constitución das corporacións locais que integran a mancomunidade

Artigo 10.- Comisión de Goberno.- Estará integrada polos Alcaldes dos Concellos respectivos máis un representante por cada un dos municipios designado pola Xunta da Mancomunidade a proposta dos respectivos Concelleiros e de entre eles. Actuará como Presidente o Alcalde, que por quenda lle corresponda.

Artigo 11.- Presidente e Vicepresidente: A Presidencia e a Vicepresidencia, será rotativa por anos naturais segundo o orde alfabético dos concellos mancomunados polo que a súa designación recaerá en cada período no alcalde respectivo.

A Vicepresidencia será rotativa nas mesmas condicións sinalados no parágrafo anterior e a designación recaerá no alcalde do concello ao que corresponda facerse cargo da Presidencia no seguinte relevo.

O Vicepresidente substitúe o Presidente, en caso de vacante, ausencia o enfermidade.

No suposto de que o presidente da mancomunidade, presidente en funcións ata a constitución da xunta da mancomunidade que resulte da constitución das corporacións locais que a integran, non resultase electo como membro destas, a presidencia en funcións da Mancomunidade será asumida polo alcalde electo do concello ó que corresponda a Presidencia

Artigo 12.- Comisións Informativas.- As Comisións Informativas poderán ser creadas pola Xunta da Mancomunidade, para o suposto de que se estime oportuno en relación a cada un dos servizos asumidos e xestionados pola Mancomunidade. Existirá en todo caso a Comisión Especial de Contas, coas atribucións previstas no artigo 116 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e disposicións concordantes.

CAPÍTULO IV Atribucións dos diversos Órganos

Artigo 13.- Atribucións aos órganos da Mancomunidade.-

1. Serán atribucións da Xunta da Mancomunidade:

- 1.1. A modificación dos presentes Estatutos, cos requisitos legais esixidos pola lexislación vixente.
- 1.2. A disolución da Mancomunidade.
- 1.3. En xeral, e no que lle sexan aplicables, as atribucións que corresponden ó Concello en Pleno, segundo a vixente lexislación do réxime local.

2. Serán atribucións da Comisión de Goberno:

É atribución propia da Comisión de Goberno a asistencia permanente ao presidente no exercicio das súas atribucións. Así mesmo, a Comisión de Goberno exercerá as atribucións que lle delegue o presidente ou a xunta da mancomunidade.

A contratación e concesión de obras, servizos e subministrados cuxo importe non exceda do dez por cento do recursos ordinarios do Orzamento e aqueles que polo seu importe se determine nas bases de execución do presuposto.

O réxime das delegacións do presidente e da xunta na Comisión de Goberno executiva rexeráse polo disposto nos artigos 43, 44 e 51 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e demais lexislación de réxime local que lle sexa de aplicación

3. Corresponderán ao Presidente as atribucións que a lexislación de réxime local confire aos Alcaldes, sempre que sexan compatibles coa natureza e fins da Mancomunidade, a excepción das consignadas como de competencia do Pleno e da Comisión de Goberno, nos apartados precedentes.

Nas bases de execución do Orzamento, poderanse preve-los límites dentro dos que o Presidente poida dispor gastos, e que operarán ó propio tempo como delimitadores das atribucións do Presidente a efectos de contratación.

4. As Comisións Informativas, no seu caso, asumirán o carácter e terán as funcións atribuídas ás mesmas pola lexislación de réxime local.

5. Os funcionarios directivos colaborarán na administración da Mancomunidade asumindo as funcións que conforme á lexislación de réxime local vixente lles están atribuídas.

CAPÍTULO V

Réxime Xurídico e procedemento

Artigo 14.- O funcionamento dos órganos de goberno e administración, procedemento e réxime xurídico da Mancomunidade, axustaranse ao disposto na vixente lexislación de réxime local, no que non sexa incompatible coa propia natureza institucional da entidade.

Artigo 15.- Os acordos adoptados polos órganos de goberno e administración da Mancomunidade de carácter ordinario e sempre que se trate do cumprimento dos fins asumidos pola mesma vincularán aos Municipios mancomunados.

1. Non terán carácter de ordinarios e esixirán a ratificación expresa de cada un dos Concellos mancomunados, os seguintes acordos:

- a) Todos aqueles que supoñan achegas de carácter extraordinario por parte dos Municipios mancomunados ou modificacións das porcentaxes sinaladas para os de carácter ordinario.
- b) A modificación do Estatutos
- c) Todos aqueles acordos que supoñan, por parte dos Municipios mancomunados, garantía ou aval de compromisos económicos contraídos pola Mancomunidade.

Artigo 16. Dos dereitos e deberes dos Concellos.- Son dereitos e deberes dos concellos mancomunados:

- a) Participar na xestión da Mancomunidade consonte o disposto nos estatutos.
- b) Recibir información directa dos asuntos que sexan do seu interese.
- c) Presentar propostas de actuación no ámbito das materias de competencia da mancomunidade.
- d) Consultar a documentación dos arquivos e rexistro da mancomunidade.
- e) Intervir nas sesións dos órganos da mancomunidade, con voz e voto, a través dos seus representantes lexítimos,
- f) Consignar nos seus presupostos as cantidades necesarias para atender, nos sucesivos exercicios, os gastos comúns e demais obrigas derivadas dos compromisos contraídos coa Mancomunidade.
- g) Contribuir puntualmente coas achegas que correspondan.

CAPÍTULO VI

Da Facenda

Artigo 17.- Principios xerais.- O réxime da facenda da Mancomunidade será o establecido polas Entidades Locais municipais en xeral, e para estes Entes asociativos en particular, pola lexislación de réxime local vixente respecto a imposición e ordenación de exaccións, xestión recadadora, recursos económicos, orzamentos, contabilidade e rendición de contas.

Artigo 18.- Recursos Económicos:

1. Para a realización dos seus fins, a mancomunidade contará cunha facenda propia integrada por:

- a) Taxas pola prestación de servizos.
- b) Os prezos públicos.

- c) As contribucións especiais para a execución de obras ou para o establecemento, ampliación ou mellora dos servizos da súa competencia.
- d) Os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado
- e) As subvencións e transferencias.
- f) O produto das operacións de crédito.
- g) O produto de multas e sancións no ámbito da súa competencia.
- h) As achegas dos concellos mancomunados, tal como se establece nestes estatutos.
- i) Os donativos ao seu favor.

2. Serán de aplicación á mancomunidade, respecto dos ingresos antes enumerados, as disposicións do texto refundido da Lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo

Artigo 19.- Achegas dos municipios integrantes da Mancomunidade.-

O réxime das achegas municipais, será o seguinte:

1. Son achegas ordinarias de cada Concello as destinadas a atender os gastos de mantemento, funcionamento dos servizos que se establezan en cumprimento dos fins da mancomunidade.
2. Son achegas extraordinarias de cada Concellos as destinadas a gastos de primeiro establecemento ou de ampliación de instalacións, así como as necesarias para satisfacer as achegas anuais das operacións de crédito, no seu caso.
3. Os gastos xerais de funcionamento da Mancomunidade repartiranse por partes iguais entre todos os concellos da mancomunidade.
4. As achegas que correspondan a cada concello especificamente para obras, prestación de servizos e realización de programas que lle afecten de forma directa, repartiranse en función da poboación de cada Concello segundo as cifras oficiais de poboación publicadas polo INE, e, no seu caso, na proporción que acorde a Xunta da Mancomunidade, tendo en conta todas as circunstancias que concorran en cada un dos concellos
5. Para facer fronte a posibles gastos extraordinarios, a xunta da mancomunidade acordará, por maioría absoluta, a cantidade que lle corresponda a cada un dos concellos atinxidos, ou as circunstancias que especificamente poidan afectarlle.

Artigo 20.- Todo servizo prestado pola mancomunidade ha de tender a súa autofinanciamento e conseguintemente á paulatina absorción dos custos de amortización, funcionamento e entretemento, incluída a participación nos gastos xerais que ó mesmo sexan imputables.

A xestión económica dos servizos por parte da Mancomunidade tenderá, polo tanto, á paulatina redución das achegas ordinarias que ó mesmo sexan imputables.

A Xunta da Mancomunidade formará e aprobará anualmente un orzamento único, coas mesmas formalidades e de conformidade co establecido polas disposicións aplicables nesta materia ás demais corporacións locais. Así mesmo, rexeranse polas devanditas disposicións o desenvolvemento, fiscalización económica, así como o rendemento das contas anuais correspondentes.

Artigo 21.- A Mancomunidade esixirá aos Concellos que a integran o pago das aportacións aprobadas no Orzamento correspondente de forma trimestral, no prazo sinalado ao efecto, e no suposto de que non se fagan efectivas dentro do mesmo, estará facultada expresamente en virtude destes Estatutos, para solicitar a Comunidade Autónoma, a retención con cargo á participación nos tributos do Estado do Municipio debedor en impostos que lle correspondan, e o seu pago á Mancomunidade.

CAPÍTULO VII

Do Persoal ao servizo da Mancomunidade

Artigo 22.- O persoal da Mancomunidade poderá ser funcionario ou contratado en réxime de dereito laboral segundo se especifique no cadro de persoal que aprobe anualmente a través do orzamento a Xunta da Mancomunidade.

En todo caso, terán preferencia para pasar a prestar os seus servizos na Mancomunidade o persoal dos concellos mancomunados, sempre que o respectivo Concello así o autorice.

Artigo 23.- *Secretaría, Intervención e Tesourería.*

1. No cadro de persoal e na relación de postos de traballo da mancomunidade fixaranse as prazas e postos necesarios para o exercicio das funcións reservadas a habilitados de carácter nacional que serán exercidas por estes funcionarios de acordo co sistema de provisión previsto no **Real Decreto 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión dos postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional modificado polo Real Decreto 834/2003, do 27 de xuño**

2. No caso de que a consellería competente da Xunta de Galicia exima a mancomunidade da obriga de manter os postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional, as funcións reservadas aos habilitados nacionais serán exercidas por funcionarios de habilitación nacional dalgún dos municipios que integran a mancomunidade conforme as seguintes regras:

a) Entre tanto non se acade o suficiente nivel de orzamento, e en consecuencia, se proceda pola Administración do Estado á clasificación de postos reservados a funcionarios de Habilitación de carácter nacional, aplicaranse transitoriamente as seguintes normas:

Os cargos de Secretario, Interventor desempeñaranos os funcionarios de Habilitación Nacional que o sexan do Concello en que radique a sede da Mancomunidade.

Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, desempeñarán o cargo os correspondentes funcionarios de habilitación nacional dos demais municipios pola orde establecida para a sucesión na Presidencia.

As funcións de tesourería poderá ser atribuída pola Xunta da Mancomunidade a un funcionario ou a un membro da propia Xunta.

CAPÍTULO VIII **Modificación e disolución**

Artigo 24.- Da modificación dos estatutos

1. Estes estatutos poderán ser modificados, mesmo no que respecta aos fins da Mancomunidade, seguindo o procedemento establecido no artigo 143 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, ou norma legal que a substitúa.

2. No suposto de que un concello decida unilateralmente a separación da Mancomunidade observárase o disposto no artigo 143.3 e normas concordantes.

Artigo 25. Da disolución da Mancomunidade.-

1.A Mancomunidade poderá disolverse:

- a) Por imposibilidade legal ou material de cumprir as súas finalidades.
- b) Por acordo expreso de todos os concellos que forman parte dela.

2.O procedemento que se debe seguir para a disolución será o previsto no artigo 143 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, cos efectos do artigo 144 da lei citada.

3.O acordo de disolución determinará a forma en que ha de procederse á liquidación da facenda da Mancomunidade, e a subrogación de cada un dos municipios mancomunados no seus bens, dereitos e obrigas, na proporción que corresponda en relación ás súas achegas, así como ó destino que haxa de darse ó persoal e que non procedera como tal nos distintos municipios.

Disposición Transitoria.- Convenios asinados. A Mancomunidade continuará prestando os servizos nos termos sinalados nos convenios asinados con outras Administracións en tanto non se revisen os mesmos segundo o sinalado na Disposición Adicional novena da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e normativa autonómica que o desenvolva.

DISPOSICIÓN FINAL UNICA .- Para o non previsto nestes Estatutos estarase ao dispostos na lexislación de Réxime Local pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; pola Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; polo texto refundido do réxime local aprobado por Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; polo Regulamento de poboación e demarcación das entidades locais, do 11 de xullo de 1986; polo Real decreto 3568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e polas demais disposicións de réxime local que resulten de aplicación.

Segundo.- Dar traslado do certificado deste acordo á Mancomunidade de Concellos do Val Miñor

SR.RODAL (Alcalde en funciones).- Los estatutos de la Mancomunidad han cumplido 20 años; son 25 artículos, y como ha comentado el Secretario, se trata de dos pequeñas modificaciones, tanto en el art.6.9 como en el 23.1.

SRA.MIGUEZ, PSOE.- Bó día. En principio nós vamos a votar a favor desta modificación porque entendemos que non é máis que unha cuestión técnica de adaptación dos Estatutos e que conta con tódolos informes favorables.

SR.PEREIRA, BNG.- A historia dos Estatutos é un pouco alongada; como todos sabedes o BNG empezou apoiándolos, non había ningún informe técnico dende o Concello de Baiona en contra deles; ao final houbo reparos dende o Concello de Nigrán, entón optamos por cambiar a abstención, ao final nin os técnicos se puñan dacordo. Esta vez, cando foi a Informativa, eu pregunteillo explicitamente, a Interventora me dixo que desta vez se reuniran a parte técnica e que estaba practicamente consensuado, entón evidentemente vamos a dar un voto de confianza ás palabras da Interventora, por suposto, e vamos a votar a favor.

E non quero que se me escape, aproveitando este punto, darlle as felicitacións persoais a Alberto, porque a mín que son galego falante e defendo o idioma, me causa gran sensación ver que dende a palestra dese lado de ahí polo menos haxa alguén que fale galego. Moitas grazas, Alberto.

SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.- Nosotros a pesar de que no estamos en la Mancomunidad, obviamente queremos y deseamos que funcione, y en todo lo que sea favorecerla votaremos a favor.

SR.RODAL (Alcalde en funciones).- Yo creo que la gente de nuestro municipio, que es a la que representamos, quiere que las cosas sigan adelante y que nuestro municipio funcione, sea el habla que sea la oficial. Obviamente hay gente que

se maneja mejor en las dos lenguas oficiales; pero a nosotros lo que nos piden los vecinos es gestión y que hagamos las cosas bien, sea la lengua oficial que sea la que se utilice; cada uno tiene el derecho a defenderse en la que desee, siempre y cuando sea oficial.

SR.PEREIRA, BNG.- Evidentemente iso o entendo, pero eu non dixen nada de iso; acabo a felicitar a alguén que fala galego, nada máis. Non ataqueei á lingua española nin moito menos.

SR.RODAL (Alcalde en funciones).- Disculpa pero me parecei que después de felicitarlo a él (que yo también le felicito), hiciste un comentario sobre los que no nos defendemos también en la lengua gallega. Creo que cada uno se expresa como es, y cuando estábamos en las aulas lo hacíamos, pero me parece muy bien e intentaré también, en lo que me corresponde, empezar a falar galego; a ver si vostede me da parabens.

Sometida la propuesta a votación por el Sr.Alcalde en funciones, resulta aprobada por unanimidad.

Por lo cual, el Pleno, por unanimidad, ACUERDA:

Primeiro.- Aprobar a modificación dos Estatutos da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor segundo acordo aprobado pola Xunta da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor en data 28 de abril de 2015 e **modificacións dos artigos 6.9 (eliminación da referencia << no termo municipal>> e 23.1** segundo o sinalado no informe da Dirección Xeral de Administración Local e Informe xurídico da Secretaría da Mancomunidade segundo a seguinte proposta

MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO VAL MIÑOR

A modificación dos Estatutos ven determinada pola Disposición Transitoria Undécima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que obriga a adaptación dos estatutos das Mancomunidades ó previsto no artigo 44 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, para non incorrer en causa de disolución." Asemade con motivo da preceptiva modificación e dado que os Estatutos da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor aprobados polo Pleno dos Concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán foron publicados no BOP nº 201 de data 19/10/1995, e polo tanto con anterioridade a entrada en vigor da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local procedése a súa adaptación (artigos 142 e seguintes, incorporouse o réxime de dereitos e deberes, a designación dun vicepresidente) á vez que considérase oportuno clarear determinadas cuestións que daba lugar a dúbidas na súa interpretación e posterior aplicación e eliminar algunhas determinacións que non se consideraban procedentes

CAPÍTULO I

Constitución da Mancomunidade

Artigo 1.- Municipios que a integran.- Constitúen a Mancomunidade de Municipios do Val Miñor os de Baiona, Gondomar e Nigrán da provincia de Pontevedra.

Artigo 2.- Denominación.- A Entidade Local constituída conforme a estes estatutos, denominarase: Mancomunidade de Concellos do Val Miñor.

Artigo 3.- Radicación dos seus órganos de goberno e administración.-Os órganos de goberno e administración situaranse no municipio de Baiona. Non obstante, mediante acordo da xunta da mancomunidade, adoptado co quórum de maioría absoluta, poderá establecerse a sede da Mancomunidade en calquera outro Concello integrante da mesma.

Artigo 4.- Prazo de vixencia: Indefinida, dado o carácter permanente dos fins que motivaron a súa creación, sen prexuízo do disposto nestes Estatutos sobre disolución da Mancomunidade.

Artigo 5.- Personalidade xurídica: Consonte o artigo. 44.2 da Lei 7/85 do 2 de Abril, a Mancomunidade terá plena personalidade e capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins segundo os presentes estatutos, polas mencionadas leis, regulamentos e normas complementarias de aplicación.

Para o cumprimento dos fins que lle corresponden a Mancomunidade dentro das súa competencias de conformidade coa lexislación de réxime local exercer as potestades atribuídas no artigo 4.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e o artigo 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

En xeral, e dentro da legalidade e do seu ámbito competencial a mancomunidade poderá adquirir, posuir e reivindicar, permutar, gravar o enaxenar toda clase de bens, celebrar contratos, interpor os recursos pertinentes e exercitar accións previstas nas leis ,

CAPÍTULO II

Fins da Mancomunidade

Artigo 6.- Dos fins da Mancomunidade.-

Os fins da Mancomunidade, no seu ámbito territorial, serán:

10. Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade

11. Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social.
12. Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión de residuos sólidos urbanos.
13. Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local
14. Protección civil, prevención e extinción de incendios
15. Protección da salubridade pública
16. Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.
17. Promoción da cultura e equipamentos culturais.
18. Promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións.

A Mancomunidade irá substituíndo aos Concellos na prestación dos referidos servizos, segundo se vaian establecendo e no caso das competencias dos servizos de recollida e tratamento de residuos, acceso a núcleos de poboación, pavimentación de vías urbanas e alumeadado publico estarase o sinalado no artigo 26.2 da LRBRRL respecto as facultades de coordinación da Deputación Provincial

Artigo 7.- Forma de xestión dos servizos: a Xunta da Mancomunidade, determinará, para cada servizo en concreto a súa forma de xestión, dentro das previstas na lexislación de Réxime Local vixente.

CAPÍTULO III Órganos de goberno e administración

Artigo 8.- Órganos de goberno e administración: O goberno e a administración da Mancomunidade estarán a cargo dos seguintes órganos:

5. Xunta da Mancomunidade
6. Comisión de Goberno
7. Presidente e Vicepresidente
8. Comisión Especial de Contas

Colabora na administración da mancomunidade o seguinte persoal directivo: Secretario, Interventor, e Tesoureiro. Estes cargos haberán de ser exercidos no seu caso, por funcionarios con habilitación de carácter nacional.

Artigo 9.- Xunta da Mancomunidade: E o órgano supremo de goberno e administración da Mancomunidade, á que personifica co carácter de Corporación de dereito público.

Cada municipio estará representado na Xunta da Mancomunidade polo seu Alcalde, con carácter nato, e ademais, por catro concelleiros, designados polo Pleno de cada Concello entre os seus membros.

Os Concelleiros representantes dos Concellos na Xunta da Mancomunidade cesarán no seu mandato pola perda da súa condición representativa ou cando sexan substituídos, polo Concello ó que representen.

Tódolos membros da Xunta da Mancomunidade terán voz e voto nas sesións.

A Xunta da Mancomunidade constituirase en sesión pública, convocada polo presidente en funcións, dentro dos tres meses seguintes aos da data de constitución das corporacións locais que integran a mancomunidade

Artigo 10.- Comisión de Goberno.- Estará integrada polos Alcaldes dos Concellos respectivos máis un representante por cada un dos municipios designado pola Xunta da Mancomunidade a proposta dos respectivos Concelleiros e de entre eles. Actuará como Presidente o Alcalde, que por quenda lle corresponda.

Artigo 11.- Presidente e Vicepresidente: A Presidencia e a Vicepresidencia, será rotativa por anos naturais segundo o orde alfabético dos concellos mancomunados polo que a súa designación recaerá en cada período no alcalde respectivo.

A Vicepresidencia será rotativa nas mesmas condicións sinalados no paragrafo anterior e a designación recaerá no alcalde do concello ao que corresponda facerse cargo da Presidencia no seguinte relevo.

O Vicepresidente substitúe o Presidente, en caso de vacante, ausencia o enfermidade.

No suposto de que o presidente da mancomunidade, presidente en funcións ata a constitución da xunta da mancomunidade que resulte da constitución das corporacións locais que a integran, non resultase efecto como membro destas, a presidencia en funcións da Mancomunidade será asumida polo alcalde electo do concello ó que corresponda a Presidencia

Artigo 12.- Comisións Informativas.- As Comisións Informativas poderán ser creadas pola Xunta da Mancomunidade, para o suposto de que se estime oportuno en relación a cada un dos servizos asumidos e xestionados pola Mancomunidade. Existirá en todo caso a Comisión Especial de Contas, coas atribucións previstas no artigo 116 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e disposicións concordantes.

CAPÍTULO IV Atribucións dos diversos Órganos

Artigo 13.- Atribucións aos órganos da Mancomunidade.-

6. Serán atribucións da Xunta da Mancomunidade:

- 6.1. A modificación dos presentes Estatutos, cos requisitos legais esixidos pola lexislación vixente.
- 6.2. A disolución da Mancomunidade.
- 6.3. En xeral, e no que lle sexan aplicables, as atribucións que corresponden ó Concello en Pleno, segundo a vixente lexislación do réxime local.

7. Serán atribucións da Comisión de Goberno:

É atribución propia da Comisión de Goberno a asistencia permanente ao presidente no exercicio das súas atribucións. Así mesmo, a Comisión de Goberno exercerá as atribucións que lle delegue o presidente ou a xunta da mancomunidade.

A contratación e concesión de obras, servizos e subministrados cuxo importe non exceda do dez por cento do recursos ordinarios do Orzamento e aqueles que polo seu importe se determine nas bases de execución do presuposto.

O réxime das delegacións do presidente e da xunta na Comisión de Goberno executiva rexeráse polo disposto nos artigos 43, 44 e 51 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e demais lexislación de réxime local que lle sexa de aplicación

8. Corresponderán ao Presidente as atribucións que a lexislación de réxime local confire aos Alcaldes, sempre que sexan compatibles coa natureza e fins da Mancomunidade, a excepción das consignadas como de competencia do Pleno e da Comisión de Goberno, nos apartados precedentes.

Nas bases de execución do Orzamento, poderanse preve-los límites dentro dos que o Presidente poida dispor gastos, e que operarán ó propio tempo como delimitadores das atribucións do Presidente a efectos de contratación.

9. As Comisións Informativas, no seu caso, asumirán o carácter e terán as funcións atribuídas ás mesmas pola lexislación de réxime local.

10. Os funcionarios directivos colaborarán na administración da Mancomunidade asumindo as funcións que conforme á lexislación de réxime local vixente lles están atribuídas.

CAPÍTULO V **Réxime Xurídico e procedemento**

Artigo 14.- O funcionamento dos órganos de goberno e administración, procedemento e réxime xurídico da Mancomunidade, axustaranse ao disposto na vixente lexislación de réxime local, no que non sexa incompatible coa propia natureza institucional da entidade.

Artigo 15.- Os acordos adoptados polos órganos de goberno e administración da Mancomunidade de carácter ordinario e sempre que se trate do cumprimento dos fins asumidos pola mesma vincularán aos Municipios mancomunados.

2. Non terán carácter de ordinarios e esixirán a ratificación expresa de cada un dos Concellos mancomunados, os seguintes acordos:

- a) Todos aqueles que supoñan achegas de carácter extraordinario por parte dos Municipios mancomunados ou modificacións das porcentaxes sinaladas para os de carácter ordinario.
- b) A modificación do Estatutos
- c) Todos aqueles acordos que supoñan, por parte dos Municipios mancomunados, garantía ou aval de compromisos económicos contraídos pola Mancomunidade.

Artigo 16. Dos dereitos e deberes dos Concellos.- Son dereitos e deberes dos concellos mancomunados:

- a) Participar na xestión da Mancomunidade consonte o disposto nos estatutos.
- b) Recibir información directa dos asuntos que sexan do seu interese.
- c) Presentar propostas de actuación no ámbito das materias de competencia da mancomunidade.
- d) Consultar a documentación dos arquivos e rexistro da mancomunidade.
- e) Intervir nas sesións dos órganos da mancomunidade, con voz e voto, a través dos seus representantes lexítimos,
- f) Consignar nos seus presupostos as cantidades necesarias para atender, nos sucesivos exercicios, os gastos comúns e demais obrigas derivadas dos compromisos contraídos coa Mancomunidade.
- g) Contribuír puntualmente coas achegas que correspondan.

CAPÍTULO VI **Da Facenda**

Artigo 17.- Principios xerais.- O réxime da facenda da Mancomunidade será o establecido polas Entidades Locais municipais en xeral, e para estes Entes asociativos en particular, pola lexislación de réxime local vixente respecto a imposición e ordenación de exaccións, xestión recadadora, recursos económicos, orzamentos, contabilidade e rendición de contas.

Artigo 18.- Recursos Económicos:

1. Para a realización dos seus fins, a mancomunidade contará cunha facenda propia integrada por:
 - a) Taxas pola prestación de servizos.
 - b) Os prezos públicos.

- c) As contribucións especiais para a execución de obras ou para o establecemento, ampliación ou mellora dos servizos da súa competencia.
- d) Os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado
- e) As subvencións e transferencias.
- f) O produto das operacións de crédito.
- g) O produto de multas e sancións no ámbito da súa competencia.
- h) As achegas dos concellos mancomunados, tal como se establece nestes estatutos.
- i) Os donativos ao seu favor.

2. Serán de aplicación á mancomunidade, respecto dos ingresos antes enumerados, as disposicións do texto refundido da Lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo

Artigo 19.- Achegas dos municipios integrantes da Mancomunidade.-

O réxime das achegas municipais, será o seguinte:

6. Son achegas ordinarias de cada Concello as destinadas a atender os gastos de mantemento, funcionamento dos servizos que se establezan en cumprimento dos fins da mancomunidade.

7. Son achegas extraordinarias de cada Concellos as destinadas a gastos de primeiro establecemento ou de ampliación de instalacións, así como as necesarias para satisfacer as achegas anuais das operacións de crédito, no seu caso.

8. Os gastos xerais de funcionamento da Mancomunidade repartiranse por partes iguais entre todos os concellos da mancomunidade.

9. As achegas que correspondan a cada concello especificamente para obras, prestación de servizos e realización de programas que lle afecten de forma directa, repartiranse en función da poboación de cada Concello segundo as cifras oficiais de poboación publicadas polo INE, e, no seu caso, na proporción que acorde a Xunta da Mancomunidade, tendo en conta todas as circunstancias que concorran en cada un dos concellos

10. Para facer fronte a posibles gastos extraordinarios, a xunta da mancomunidade acordará, por maioría absoluta, a cantidade que lle corresponda a cada un dos concellos atinxidos, ou as circunstancias que especificamente poidan afectarlle.

Artigo 20.- Todo servizo prestado pola mancomunidade ha de tender a súa autofinanciamento e conseguintemente á paulatina absorción dos custos de amortización, funcionamento e entretemento, incluída a participación nos gastos xerais que ó mesmo sexan imputables.

A xestión económica dos servizos por parte da Mancomunidade tenderá, polo tanto, á paulatina redución das achegas ordinarias que ó mesmo sexan imputables.

A Xunta da Mancomunidade formará e aprobará anualmente un orzamento único, coas mesmas formalidades e de conformidade co establecido polas disposicións aplicables nesta materia ás demais corporacións locais. Así mesmo, rexeranse polas devanditas disposicións o desenvolvemento, fiscalización económica, así como o rendemento das contas anuais correspondentes.

Artigo 21.- A Mancomunidade esixirá aos Concellos que a integran o pago das aportacións aprobadas no Orzamento correspondente de forma trimestral, no prazo sinalado ao efecto, e no suposto de que non se fagan efectivas dentro do mesmo, estará facultada expresamente en virtude destes Estatutos, para solicitar a Comunidade Autónoma, a retención con cargo á participación nos tributos do Estado do Municipio debedor en impostos que lle correspondan, e o seu pago á Mancomunidade.

CAPÍTULO VII Do Persoal ao servizo da Mancomunidade

Artigo 22.- O persoal da Mancomunidade poderá ser funcionario ou contratado en réxime de dereito laboral segundo se especifique no cadro de persoal que aprobe anualmente a través do orzamento a Xunta da Mancomunidade.

En todo caso, terán preferencia para pasar a prestar os seus servizos na Mancomunidade o persoal dos concellos mancomunados, sempre que o respectivo Concello así o autorice.

Artigo 23.- Secretaría, Intervención e Tesourería.

SR.PEREIRA, BNG.- O BNG vai apoiar esta moción do grupo de Esquerda Unida. Se ben é certo que igual concretiza de máis pero non creo eu que sexa unha barreira tan alta de saltar ofrecer grátis o aparcamento unha hora á xente usuaria da Oficina de Emprego e do Centro de Saúde. O do Centro de Saúde o entendemos todos, e como dixo Rodal a maior parte son os baioneses e baionesas; en canto á Oficina de Emprego, e tendo en conta que o 90% da xente que vai á Oficina de Emprego non o está pasando ben, eu penso que é unha axuda económica ter un aparcamento gratuito cerca.

Si me parece moi interesante, quero deixálo moi claro, que o que plantexa o PSOE desa hora gratuito de inicio porque así cada ún pode xestionar como pode usar esa hora; me parece algo moi interesante que realmente se poidera chegar a un acordo nese sentido.

Respecto ó que comentaba o Sr.Rodal de que pode haber problemas á hora de sacar despois a concurso público, decírlle que si hai vontade o problema se cancela si se inclúe no Prego de Condicións o acordo éste, si se chega a tomar, e xa está; non habería máis problemas. Reitero o noso apoio á moción.

SRA.DOMINGUEZ, EU.SON.- Non falamos de poñélo gratis senón de darlle un tempo limitado, e ademais de que, como decía o voceiro do BNG, coa nova concesionaria, si se chega a levar a cabo, pódese poñer que ésta sexa unha das condicións. Sabemos que non é sencillo pero hai que buscar as mellores solucións sobre todo para as persoas que van ó INEM, sexan de Baiona, do Val Miñor, xa que son un colectivo que necesita, dende o noso punto de vista, o maior apoio; igual que os que van ó Centro de Saúde.

SR.RODAL (Alcalde en funciones).- Gracias por su intervención; creo que se confundió, ustedes aquí están diciendo "aparcamiento gratis"; una hora pero gratis. Yo hablé de descuento, usted habla de que sea gratis. Ustedes están pidiendo una hora gratis.

SRA.DOMINGUEZ, EU.SON.- Pero un tempo limitado.

SR.RODAL (Alcalde en funciones).- Por supuesto; é que si o aparcamento é gratis 24 horas ó día....; vamos a ver, os negocios son os negocios.

Creo que o Sr.Lores defendió la moción casi mejor que yo, y fué muy sensato. Antes han hablado del tema electoralista; hombre, esto no es que sea un tema electoralista aunque sé que las elecciones empezaron y que ustedes empezaron con muchísimas ganas; se lo agradezco. También le agradezco al Sr.Montes que haya intervenido su compañera porque eso es muy loable, es bueno que intervengamos todos en el Pleno porque es parte de lo que tenemos que hacer, intervenir y opinar; es un honor estar aquí; pero creo que es cierto que al final mezclamos y hacemos un popurri; y ahí el Sr.Lores tenía razón.

Realmente lo importante es que si se va a sacar una nueva concesión, esperemos a que salga esa nueva concesión; estamos hablando de un tema de una cuantía importante. Ena la Palma sí salió; esperamos que aquí también, porque sino despues lo tendrá que gestionar el Concello. Entendemos que es mejor que lo gestione una concesionaria.

Por supuesto le contesto a los dos: se podrían poner unas pautas; se hará un estudio económico y financiero y cuando se saque la concesión se pueden poner unas bases, pero claro, si en las bases, ya de entrada (que se puede estudiar) se pone que la primera hora sea gratis pues a lo mejor las empresas igual no entran. Una cosa es lo que estamos hablando ahora, que ya dije que para mí no puede ser una hora gratis, tiene que ser un descuento; y si dejamos lo de la hora gratis el estudio económico financiero va a variar mucho. Esto no quiere decir que no pudiese ser; aquí estamos todos para opinar, el equipo de gobierno y la oposición.

Como he dicho al principio de mi intervención, ya que contamos con que en breve se saque una concesión, pues que entonces lo lógico sería plantear ahí todos estos temas.

Nosotros, desde el PP, no podemos votar a favor de una gratuidad porque entendemos que sería incomprensible; y aunque el Sr.Pereira habló de que los usuarios del INEM son gente desfavorecida, las personas que van al Centro de Salud no tienen porque serlo, hay gente que tiene más poder adquisitivo ó menos, por eso digo que tendríamos que englobar todo; porque también hay personas que vienen a realizar cualquier gestión, e incluso en ESPINA Y DELFIN, que está ahí cerca también. Y hay que pensar que en Baiona tenemos la gran suerte de que tenemos 2 aparcamientos; y cierto que hay que pagar; pero ya les gustaría a muchísimos municipios; y yo no me voy a meter en otros temas que yo no soy conselleiro, pero en el Alvaro Cunqueiro evidentemente hay un problema de aparcamiento. No tienen otra opción. Aquí sí tenemos la opción de aparcar, de buscar aparcamiento; sino nos pasaría lo mismo con el Pabellón, con el campo de fútbol, y con otras instalaciones.

SRA.DOMINGUEZ, EU.SON.- penso que actualmente, como está administrado polo Concello, pode levarse a cabo, mentres non se leve a cabo esa concesión que tanto queren; que ao mellor non sería unha hora pero sí algún tempo para as persoas que van ó INEM.

O Sr.Alcalde en funcións somete a votación a presente moción, resultando: votos a favor: 4 (2,EU; 2,BNG); abstencións: 4, PSOE; votos en contra: 8, PP; polo cal rexeitase a Moción.

12.- URXENCIA.

- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A VESPA VELUTINA.

O Sr.Alcalde en funcións cede a palabra ó **SR.PEREIRA, BNG**, quen da conta da seguinte:

MOCIÓN RELATIVA A PRAGA DE VESPA VELUTINA

A vespa velutina nigritorax, máis coñecida como vespa asiática ou vespa asasina, detectouse no noso concello e en parte do noso país fai case catro anos. Tempo máis que suficiente para que, dende a Consellería de Medio Rural e Mar e dende o propio Concello, tomásemos medidas preventivas ou iniciativas para evitar a súa proliferación e/ou expansión.

No seu lugar de orixe aníña en árbores de máis de 20 m., de altura, preto de ríos, cunha distancia entre os niños de 200 m., e a unha altitude non superior aos 200 m., sobre o nivel do mar. Evidentemente, ten depredadores e as abellas autóctonas da zona saben defenderse aos ataques da vespa velutina. E dicir, non supón ningún tipo de ameaza.

En Baiona, no Val Miñor ou na Galiza por extensión, é unha especie invasora: non ten depredadores, téñense localizados niños a máis de 200 m. de altitude, nalgúns casos os niños distan entre si apenas 20 m. aníñan ate en zonas urbanas e en árbores a 1 m. do chan, e as nosas abellas descoñecen a forma de defenderse aos seus ataques.

Todo isto trae consigo unha ameaza moi seria á apicultura e froiticultura. Máis temén, a seguridade das persoas con múltiples casos de atención médica por picaduras e téñense pechado parques infantís e zonas de recreo pola multitudinaria presenza da vespa. Nunha zona como Baiona é obvio tamén facer notar que non é, precisamente, un reclamo turístico.

A Consellería de Medio Rural e Mar limitouse a difusión dun folleto e a crear un simple protocolo de actuación para trampear e retirar os niños que se amosa totalmente ineficaz na maioría dos casos.

O Concello de Baiona non fixo nada. O BNG rogo que se levaran a cabo xuntanzas cos sectores afectados e proceder a dar información a veciños e veciñas: o grupo de goberno non fixo nada. Dende a asociación AGA propúxoselle dar charlas informativas: o grupo de goberno non fixo nada.

Xa no curso político actual, un grupo de apicultores comprometidos puxéronse en contacto co concelleiro de Medio Ambiente para ter unha xuntanza co obxectivo de conseguir ferramentas útiles para a retirada dos niños. En concreto, unha pértiga de 25 m. de altura e un traxe de protección. Un custo de 1.500 € aproximadamente. O grupo de goberno, de novo, non fixo nada.

O grupo municipal do BNG-AA, outra vez máis, denunciámos e propoñemos iniciativas solicitando ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO:

1. Instar ao Goberno galego a declarar a existencia da praga de vespa velutina nigritorax e que sexa calificada de utilidade pública a loita contra a praga de vespa velutina nigritorax.
2. Creación dun grupo de traballo con apicultores, froiticultores, comunidades de montes e asociacións medioambientais e sociais para a sensibilización e difusión do problema da praga de vespa velutina nigritorax.
3. Colaboración activa por parte do Concello cos grupos afectados adquirindo a pértiga de 25 m. e o traxe de protección que lle foi solicitado, así como, facilitando os medios necesarios para a retirada dos niños.
4. Instar a Mancomunidade de Concellos do Val Miñor a adoptar o mesmo acordo e estudar a posibilidade de mancomunar este servizo co fin de organizar entre todos e todas a loita contra a praga de vespa velutina nigritorax no Val Miñor.

SR. PEREIRA, BNG.- Solicito o voto a favor do Pleno xa que como podes ver esta moción non ten ningún contido chamémoslle político, máis alá que afrontar un problema e botar una man a un problema real que xa levamos plantexando dende fai tempo e un problema que os apicultores e froiticultores, e incluso persoas do noso Concello, están vivindo xa en primeira persoa.

Sometida a Urgencia a votación polo Sr. Alcalde en funcións, resulta aprobada por unanimidade.

SR. RODAL (Alcalde en funcións).- Usted sabe que esta moción la quiso meter por urgencia en el Pleno anterior y el Alcalde le dijo que no era el momento, entonces llegaron a un acuerdo de que quedaba encima de la mesa pero para meterla en el Orden del día de este Pleno, como así ha sido. Hay una cosa que no me gustó al final cuando dijo que esta moción no tenía contenido político; hay un par de ajustes que se podían hacer aquí; después se los diré. Usted entenderá mucho más de esta materia que yo, pero al final todos nos enteramos un poquito; como saben la avispa asiática obviamente viene de Asia, llegó al suroeste de Francia en el 2004; lleva en Francia 11 años y no han podido erradicarla; creo que eso es así; o sea que no tiene solución definitiva.

Creo que lo que tendríamos que proponer es lo que es realmente necesario. A la península llegó bastante más tarde, creo que en el 2010, y a Galicia en el 2012. En el año 2013 fue cuando empezaron los primeros nidos a aparecer. Y aquí me citan, obviamente porque soy el concejal de Medio Ambiente, y dicen que desde el Concello no hicimos nada, que "non fixo nada"; lo puso 3 veces; hombre, hicimos lo que pudimos, y me gustaría explicarlo. Usted sabe que a nosotros nos llamaron de la Xunta diciendo que es competencia de la Xunta; hay que llamar al 012 ó al 112; y ¿porqué no podíamos entrar nosotros?: porque ellos quieren que directamente la gente llame a esos teléfonos porque la persona afectada por ese nido de avispa asiática tiene que dar una serie de información; dar datos de cómo es ese nido, porque la llamada le puede decir que no se trata de un nido de avispa asiática; digo que sobre todo al principio, porque ahora ya sabemos más o menos todos un poquito del tema.

Cuando viene algo nuevo, yo siempre pongo el ejemplo del Ebola, al principio asustaba mucho, pero de repente, al cabo de una semana, parece que desapareció el ébola, y puedo decir que no es así; pero muchas veces es así, cuando entra algo fuerte, para los medios de comunicación. Pero es cierto que hay un problema, lo tengo claro. Y el motivo por el que realmente se ha traído el tema a este Pleno es porque cuando usted lo propuso en el anterior Pleno íbamos a tener una reunión de la Mancomunidad.

Es cierto que yo tuve una entrevista telefónica con unos apicultores sobre el tema y yo les dije lo mismo, no sabía del tema, y me informaron de que había una preocupación, sobre todos entre apicultores y froitucultores por este problema; que sobre todo les afecta a ellos ya que la avispa asiática como no puede fabricar su propio alimento lo que hace es alimentarse en un 84% de insectos, que son proteínas, lo que hacen en verano; y en otoño se alimentan de hidratos de carbono, del azúcar de la fruta, y es por ese motivo que al final lo que hace es aniquilar a nuestra avispa autóctona. Entonces el gran problema de la avispa asiática es que principalmente afecta muy negativamente a nuestros apicultores, y de hecho cuando se celebró San Cosme y San Damián me dijeron que hubo muy poca miel.

Usted pone aquí que "as nosas abellas descoñecen a forma de defenderse aos seus ataques"; ya empiezan a espabilar, eh. Usted sabe que cuando viene algo empiezan a espabilar.

Las avispas autóctonas de aquí, lo que empiezan a hacer ahora es, digamos, las cubren; empiezan a cubrir a las avispas asiáticas y lo que hacen es quemarlas; a partir de 45 grados, las queman; pero las otras son muchísimo más fuertes, es cierto. Entonces las aniquilan, las estresan, ellas tienen que quedar dentro del nido y se mueren asustadas porque no se pueden alimentar; ese es el gran problema. Ahí le doy la razón; el gran problema es para la apicultura. Pero es un tema que no es competencia exclusivamente del Concello. Y respecto al problema de las frutas no lo es tanto.

El tema que es más importante para nosotros, es un tema social, es cuando afecta al ser humano; sabrá que la picadura de la avispa asiática con respecto a la autóctona es la misma. Obviamente es más grande, llama más atención, hubo muchísima información, pero no es más agresiva ni menos; solamente cuando te acercas al nido.

Hubo un tema social, como he dicho antes cuando puse el ejemplo que a lo mejor no era el correcto, del ébola. Pero sí decir que no hay problema mayor que con la otra avispa, que eso sí que nos influye.

También tiene usted razón en lo que dice de que esta avispa tiene un problema: que anida en cualquier lado; y de hecho lo hace en sitios en los que la otra no lo hace; e incluso a más de 20 metros de altura, que ese es el problema. Y nosotros ahí sí que colaboramos, el Concello de Baiona, que es lo único que pudimos hacer hasta ahora, porque tiene que venir la empresa TRACSA de la Xunta a hacer estos trabajos; al principio solo los podían hacer ellos; y a nosotros lo único que nos pedían era colaboración. Hubo algún caso en que tenían que subir a un árbol de cierta altura y nosotros aportábamos nuestra colaboración, y si teníamos un elevador pues se lo dejábamos; pero el trabajo lo tenían que hacer ellos porque tiene que hacerlo alguien especializado; no nos permiten hacerlo a nosotros.

Estos últimos meses fue evolucionando, empezaron a salir casos y casos, cada vez más en la prensa porque es algo novedoso, y fue cuando entramos con lo des GES; el antiguo GRUMIR ahora es el GES, pero ellos no pueden estar dedicados exclusivamente a eso. Creo que en Baiona debemos de tener 30 nidos ahora mismo, por lo que me dicen los apicultores, y el GES está actuando.

Sobre lo que decía de la pértiga, usted sabe que el Ayuntamiento de Nigrán compró el traje y compró la pértiga, y creo que los botes de insecticida, y lo que se hizo en la reunión que tuvimos fue ofrecerlo, aunque es de titularidad municipal de Gondomar, a los demás Concellos. Se habló con el GES, ellos hicieron un protocolo, y es lo que está actuando ahora. Por lo tanto yo creo que hay colaboración total. Si hay un caso en Gondomar lo utilizan, pero si hay cualquier caso, sobre todo si es a nivel ciudadanía y hay que actuar, pues el GES lo hace en cualquiera de los 3 municipios, que para eso es el grupo de emergencia de la Mancomunidad.

Por lo tanto no es que aquí no se hiciera nada; es que había una serie de competencias que no nos permitían realizar.

Si usted quiere, desde el Partido Popular le podemos apoyar esta moción, aunque yo sacaría un par de puntos; y sobre todo lo que yo le pediría a la Xunta, a la Consellería de Medio Rural, es que dé más medios; más trampas; si hasta dieron 2.000 trampas, pueden dar más trampas. Y pueden dar más medios a nivel operativo, porque el problema que hay es que el trabajo hay que hacerlo a primera hora de la mañana ó de la noche, no tiene ningún sentido venir por la tarde; porque de día es casi peor el remedio que la enfermedad.

Lo que sí pediría y me parece lo lógico, son más medios, dentro de su capacidad económica pedir más medios para ojalá se pudiera erradicar, aunque no pueda ser porque en Francia llevan 11 años luchando y no lo consiguen, pero paliar el problema en lo posible; y también en el tema de dar información porque los apicultores y froitucultores lo saben pero los ciudadanos a veces no, y se asustan. Dar información sobre que aunque no gusta esta avispa invasora no es más peligrosa que la autóctona.

SR. LORES, PSOE.- Dende o grupo socialista vamos a apoiar esta moción. Parécenos que nos terminos que se acorde solicitar á Xunta de Galicia máis medios, o faga o BNG ou quen sexa, xa leva consigo unha maior aportación económica para poder actuar. Que se faga tamén un grupo de traballo para concretar cales son as medidas máis idóneas para o noso Val, xa non solo de Baiona. E que o Concello se faga cun mínimo de medios para poder atacar esta invasión, parécenos en principio unha moción a apoiar; e sobre todo Baiona, onde temos a festa da Mel, que para Baiona é o nosa festa. Polo tanto Baiona ten ao mellor máis interés que outros Concellos do Val Miñor en loitar contra esta invasión. Polo tanto, dende o grupo municipal socialista, nos terminos que se acorden, vamos a apoiar esta moción.

SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.- Desde este grupo, despues de todo lo que hemos aprendido sobre la avispa asiática en este momento no tenemos ninguna duda de que hay que acabar con ella. Vamos a votar a favor.

SR.PEREIRA, BNG.- A intervención do Sr.Rodal foi longa e hai varios erros. Primeiro, que en Francia, como vostede ben dixo, leve 11 anos e non foran capaces de erradicála, iso non ten porque desanimarnos; hai moitos estudos; a día de hoxe xa estamos saturados, pero dende que empezou a primeira alarma sí que se pudo aprender moito máis da experiencia francesa.

Comentaba o tema de TRACSA, do protocolo que organizou a Xunta para que TRACSA retirara os niños; estamos falando de que o 80% anidan en árbores, mínimo, mínimo, a 6 metros de altura, a maior parte deles; ben, a intervención da empresa TRACSA, polo protocolo lle di que ten que ir o veterinario a retirar eses niños, e eles por contrato non poden subir a máis de 2 metros de altura dunha escaleira, polo tanto é practicamente inviable que a propia xente de TRACSA retire eses niños.

Digo, e reitero, Rodal, que dende o Concello de Baiona non fixeron nada; nós nunca pedimos que erradicaran vostedes, porque evidentemente a competencia principal é da Consellería; sempre pedimos dende o inicio unha xuntanza con apicultores, comunidades de Montes, é dicir, información; información para saber a qué nos enfrentamos e para que, como vostede dixo que o principio había un caos, pois que se hubiese solucionado cunha xuntanza, para ter información. E eu tamén sei que non se vai a erradicar, porque non ten depredadores; falo de loita: non nos queda outra que loitar e intentar retrasar a súa expansión.

Vostede fala de 30 nidos a día de hoxe, que lle dixeron os apicultores, posiblemente estén localizados e activos nestes momentos; pero soamente os apicultores que eu coñezo, e sei que hai máis que andan retirando, en Baiona, son 21, e non coñezo a todos. E unha auténtica plaga e non sei porque a Consellería non se dedica a facer un protocolo que se queda realmente pequeno e corto e non o declara como plaga, porque como ben decía Lores, e se pide no 1º punto: Que sexa calificada de utilidade pública a loita contra a praga, porque entón automaticamente as aportacións económicas xa van directamente a iso.

Nós nunca pedimos que dende o Concello se acabe co problema, nunca pedimos iso; pedimos que houbera información, xuntanzas, contactos, para intentar loitar contra ela; e a día de hoxe pedimos a pértiga e o traxe porque os apicultores tomaron a decisión de pedir iso ós Concellos. Nos aquí simplemente estamos facendo de voceiros do que eles están pedindo. Nada máis que iso.

Tamén é importante, e que en Gondomar non tiveron ningún tipo de problema en invertir 1.550 euros no traxe e na pértiga, entendo que o final a Mancomunidade, estando Gondomar e Nigrán dacordo, evidentemente temos que mancomunar o servizo e utilizar o GES, como ben decía, para loitar, non erradicar.

Rodal, eu sigo pensando que esta moción non ten nada profundamente político; eu non o vexo; creo que o que pedimos é sensato; e non lle entendín a que punto se refería de retirar para contar co seu apoio.

SR.RODAL (Alcalde en funciones).- No 1º punto: Instar ao Goberno galego a procurar máis medios materiais e personais, e mellorar o protocolo. En cuanto al tema de crear un grupo de trabajo, eso ya lo hicieron. Vamos a ser realistas; vamos a lo que hay; a día de hoy, día 7. Y la información, los apicultores y froiticultores ya la tienen.

Con relación a la colaboración activa por parte del Concello; ya hablamos de la disponibilidad de la pértiga por parte del GES. Aquí también se habla de que el Concello de Baiona adquiriese uno, tendríamos que ver el tema de la partida presupuestaria, porque a mí me gusta ser realista y es muy fácil prometer pero hay que ver si hay posibilidad.

Sobre instar a la Mancomunidade do Val Miñor a adoptar o mesmo acordo e estudar a posibilidade de mancomunar este servizo; ya está; el GES no puede estar exclusivamente para esto; bastante es que lleve a cabo una competencia que antes no le competía. El tema de la colaboración activa ya está, pero podemos poner "si hay posibilidad". Yo no puedo decir que la podemos comprar en la época en que estamos, aunque estemos hablando de 1.500 euros, sino hay partida presupuestaria. Yo sacaría lo de la creación del grupo y cambiaría el primer punto como ya he dicho.

SR.PEREIRA, BNG.- Non teríamos problema en aceptar o do primeiro punto. No punto 3, o do traxe e o da pértiga, claro que vai ligado a poder leválo a cabo orzamentariamente, pero dá igual, o 2016 está ahí, senón pode ser este ano non entendo porque non se pode poñer; poñemos no 2016, para os orzamentos do 2016, e xa está.

E perdoa, pero respecto ó punto 4, entendo que a Mancomunidade nestes momentos non está organizada como para isto. Outra cousa é que o Concello de Gondomar, pola súa conta, comprara unha pértiga, e os do GES haxa alguén que a día de hoxe sen ter exactamente a cobertura de realizar certos chollos, porque por exemplo, ún dos problemas que puña cando viu o GES a retirar os niños, é que si o conductor do coche mete o camión nun terreo onde non esté asfaltado, si pasa algo é responsabilidade do conductor. E dicir, hai cousas que se poden modificar, porque no 90% destes casos están en leiras de pobos, en montes; é dicir, en moitos casos iso é unha traba.

Entón, a día de hoxe dende a Mancomunidade non hai un operativo nin unha organización entre apicultores e Concellos e a xente afectada, como para iso. Entón eu creo que evidentemente se están dando pasos, iso é certo, pero son pasos que hai que concretar; e non se pode dicir que o GES está preparado; de feito, ata o que eu sei, soamente hai un traballador que o saca, de todo o GES, que ademais o coñezco persoalmente; e que se a xoga, porque el tío está concenciado e o fai; pero non hai un protocolo dunha forma de actuar, que é un pouco o que pedimos, si pode ser.

O sentímos Rodal, pero o primeiro punto sí que acepto cambiálo pero entendo que o 3º e o 4º deben permanecer.

SR.RODAL (Alcalde en funciones).- Hay una asociación que se llama AGA, Asociación Gallega de Apicultura, que realmente son los que tenían que hacer todo esto de lo que estamos hablando ahora.

En el punto 3º.- "Colaboración activa por parte do Concello cos grupos afectados adquirindo a pértiga de 25 m..."; una cosa es para que sea de utilidad; date cuenta que estamos hablando... el GES tiene que actuar en servicios públicos, estamos hablando, el tema de la apicultura, la mayoría es en fincas y terrenos privados. Hay servicios y servicios; el GES tiene que primar el servicio a los ciudadanos, como nos pasó en un nido, una colmena, en un edificio en Baiona, que salió en prensa; eso es lo que prima; ellos tienen que primar esos servicios.

Entonces, en el tema de la pértiga, si se compra, tendría que ser para el uso de ellos; no realmente para que se la dejemos a los apicultores, porque luego habría problemas de responsabilidad civil y demás; cada uno tiene que tener la suya. Y por ejemplo en Vigo lo hacen los bomberos; aparte de TRACSA; y los bomberos lo hacen por congelación. Ellos

también se arriesgan y tienen su capacidad. Aquí lo hace el GES. Pero lo hace el GES con una prioridad. Y de hecho, en el protocolo (que te lo puedo entregar) el GES tiene una prioridad: primero, digamos en el casco, donde haya una serie de menos prioridad a las fincas abandonadas.

No me gustaría que dijeran que hoy que soy Alcalde en funciones, desde ahora, que ya no quiero votar nada; yo creo que nos ofrecemos, pero tal y como está no, porque no es cierto. Bastantes pasos se dieron en estos últimos meses desde la Mancomunidad; pero no puede ser una tarea a estudiar dentro de la Mancomunidad y crear una partida presupuestaria dentro de ella para este servicio. Bastante es el hecho que como usted ha comentado, que una de las personas del GES quiera hacer ese trabajo, porque es un trabajo que a veces tiene su peligrosidad, por su altura, como usted ha dicho, porque los nidos están muy altos. Seamos sensatos; cada uno tiene su parte; parte el Ayuntamiento, parte la Mancomunidad del Val Miñor, pero sobre todo la tiene la Consellería de Medio Rural; que es lo que estamos pidiendo al final: que mejoren el protocolo, que den más medios materiales y humanos; es eso; nada más. No le estoy diciendo inclusive ni al punto 3 que no; será posiblemente para el 2016; pero si queda ahora tal y como está no lo vamos a aprobar.

SR. PEREIRA, BNG.- Fala vostede da AGA cando AGA se dirixiu ó Concello de Baiona, concretamente á Concelialía que vostede levou ata fai pouco, para dar información, para facer aquí unhas charlas, dúas veces, e non lle fixeron nin caso; e agora saca aquí no Pleno o nome de AGA, que tiña que facélo; pero si o quere facer e vostedes non fixeron nada; cando chama un apicultor para ter unha xuntanza con vostede como concelleiro de Medio Ambiente e o único que fai é falar con él por teléfono. Despois fala de que o GES que non debía entrar en terreos privados ou algo así, entón eu fago unha pregunta ¿si está ardendo unha casa non poder ir a apagála?; me parece un pouco absurdo o que dí, porque tamén é un terreo privado.

E despois, evidentemente, claro que deixar a pértiga ós apicultores non é tan fácil; porque ten que ter unha cobertura legal e demáis, pero aquí do que falamos é de falar e de estudar; aquí non pon por ningún lado de deixá-la; se fala de adquirir esa pértiga, nada máis; e facilitar os medios necesarios para a retirada dos niños. Non se pon que se lle vaia a deixar a pértiga ós apicultores porque eu sei evidentemente que sería un ben municipal que estarías pondo en máns de alguén que ao mellor non sabe usá-lo, e que podes xerar un problema. Agradezco a súa petición para intentar chegar a un consenso Rodal, pero dende logo nós solo aceptamos o cambio do punto 1º.

O Sr. Alcalde en funcións somete a votación a presente moción, resultando: 8 votos a favor (2,EU; 2,BNG; 4, PSOE); votos en contra: 8, PP; polo cal rexeitase a Moción.

13.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA- EU SON RELATIVA AOS FESTIVOS LOCAIS.

O SR. MONTES SÁNCHEZ, EU-SON da conta da seguinte **MOCION:**

GRUPO MUNICIPAL ESQUERDA UNIDA – SON
EXCMO. CONCELLO DE BAIONA

Silvano Montes Sanchez, voceiro do Grupo Municipal Esquerda Unida – Son no concello de Baiona, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, somete a consideración do Pleno da Corporación para o seu debate e consideración a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno ordinario do pasado 3 de setembro aprobouse a declaración como festa local para o ano 2016 a festividade da Virxe da Cela o luns 5 de Xullo de 2016, seguindo o criterio de rotar entre as Parroquias do municipio un dos festivos locais.

Dito día festivo, non solo ten que ser un día especial para a Parroquia que o celebra, sino para todo o municipio, xa que se trata, ou debería tratarse, de un dos dous días grandes do Concello.

A devandita celebración, para darlle a importancia que merece, non cabe dúbida que debe ir acompañada de una programación de actos a altura das circunstancias.

Ben sabemos que a propia Comisión de Festas xa se encarga de facer a mellor programación posible cos medios que dispón, pero quizais, por esa falla de medios, non chega a ser rechamante para o resto do municipio, e a o final cada festivo local só e celebrado como tal na Parroquia correspondente.

Polo exposto solicitamos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

- **Na programación de actividades e actuacións de festexos anual, reservar polo menos unha actividade e unha actuación das mais relevantes para celebrar na Parroquia á que lle corresponda o festivo local, tendo en conta a accesibilidade e aforo ao recinto onde se celebren. E a o mesmo tempo, na programación organizada polo Concello para o resto do municipio, non figure algunha outra que puidese ensombrecer a principal dese día, que debe ser a de esa Parroquia.**
- **Incrementar a publicidade institucional para a divulgación dos festivos locais co fin de fomentar a participación activa de todos os veciños do Concello nos mesmos.**

SRA. IGLESIAS, PP.- Moitas grazas, Sr. Presidente; primeiramente comentarlle ó Sr. Montes que o Concello de Baiona ven colaborando, este equipo de goberno, dende fai anos con dúas das Comisións de Festas a través dunha liña de subvencións e tamén aportando grupos folklóricos, bandas de música, etc., según a demanda que estas Comisións nos piden. Evidentemente, como vostede dí, o que é o programa de actos das Festas parroquiais o organiza a Comisión de Festas, é algo no que nós non podemos entrar, polo que entendemos que isto máis cunha moción é un Rogo de cara ó equipo de goberno, e sí que nos comprometemos a mellorar a aportación ás Comisións de Festas de cara ó ano 2016, pero entendemos que aprobar esta Moción tal e como está, coa colaboración que actualmente temos, non ten sentido. Con respecto ó tema de non ensombrecer o programa de actos das Parroquias, decirlle que nunca organizamos ningún acto que ensombrezca, como vostede decía, as festas patronais; pode coincidir, porque solen ser os festivos no verán, e pode coincidir que haxa máis actividades, pero nunca dunha relevancia tan importante como para ensombrecer esas festas parroquiais. E a difusión que dende o Concello estamos dando aos festivos locais, igual que a todas as actividades culturais, saen no programa Bai Verán, cunha tirada de 15.000 exemplares, e creo que ó igual que todo o mundo se entera das actividades que facemos no centro do pobo tamén teñen constancia das festas parroquiais e dos festivos locais; pero non obstante recolleemos a vosa solicitude e intentaremos mellorar nese senso. Moitas grazas.

SR. LORES, PSOE.- O grupo socialista vai a votar a favor desta moción. Entendemos que todo o que se poida facer para promocionar as nosas parroquias é algo que hai que apoiar dende o Pleno. Entendemos que aparte que xa non solo habería que apoiar nos días da festa local; nós entendemos que ten que haber máis unha diversificación cultural e doutros tipos e incluso de atención a colectivos de infancia, de adolescencia, e apoios á escolaridade en moitos casos. Polo tanto, todo o que se faga para promocionar e dar calidade de vida ás nosas parroquias, nós ímos a aprobalo. Neste sentido creo que é unha iniciativa de Esquerda Unida no sentido de que unha vez que temos ahí as festividades locais que tamén haxa unha promoción desa semana cultural e que se traballe nese senso, independentemente de que tamén estaríamos a favor dunha diversificación cultural que creo que nestes momentos é algo deficitaria en Baiona e aínda que se fan esforzos penso que hai que seguir nese camiño; polo tanto nós ímos aprobar esta moción.

SR. PEREIRA, BNG.- O BNG vai aprobar esta moción tamén.

SR. MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.- Dos cosas: la Comisión de Fiestas, obviamente, funciona sea festivo local ó no lo sea; organiza sus fiestas y va por libre. Pero aquí estamos hablando, en la Moción se trata, de un acto institucional por parte del Concello independentemente de la Comisión, que la Comisión tiene que estar de acuerdo porque hay unos festejos preparados, pero aquí estamos hablando de algo que organiza el propio Concello, no la Comisión de Fiestas; declara un día como festivo local y al declararlo como festivo local tiene que intervenir como propio Concello, ya digo que independentemente de la Comisión de Fiestas correspondiente, porque la Comisión va a funcionar siempre; con lo cual entendemos que corresponde al Concello la programación exclusiva de ese día y de esos actos; igual que el programa de la Arribada, pues la programa el Concello y hace su programación, no viene la Comisión de Fiestas; no hay una Comisión de Fiestas de la Arribada. La Anunciada la organiza el Concello; si se institucionaliza un día festivo es el Concello el que lo hace.

No dudamos, y en el escrito no se pone en duda, la colaboración continua, sabemos que existe; lo que pretendemos con la moción es realzar aún más y dar más importancia (quizás no ha quedado muy claro en el escrito), realzar ese día; sin dudar en ningún momento de lo que se lleva haciendo muchos años: hay una subvención, hay una ayuda.

Y en cuanto al tema de solapar las actuaciones; una actuación en Baiona, en la plaza del Concello, como hay anualmente, ya no vamos a decir "estelar" sino mediana, si es día del festivo local, y en esa parroquia no hay una actuación estelar, va a restar, va a solapar queramos ó no. Y no es un problema de intencionalidad; lo que pedimos es que se tenga en cuenta, si la programación se hace con tiempo, procurar en la medida de que ese día sea mucho, mucho más importante; pero no se trata de que la parroquia, que para la parroquia evidentemente aunque no haya nada va a ser el día importante; pero no se trata de que la parroquia, que ya la tiene, tenga esa celebración, sino que el resto del municipio participe de esa celebración y que realmente ese día que le hemos dado a la parroquia no sea un día por decir "que le toca" sino que realmente sintamos que es uno de los dos días grandes de Baiona.

SRA. IGLESIAS, PP.- Sr. Montes, o feito de que sexa festivo local non quere decir que teña que haber un acto institucional. Comenzando dende ese punto de vista tamén hai que entender que si é unha festa parroquial o protagonismo non o ten que ter a institución municipal senón a Comisión de Festas, e concretamente esa parroquia. Non obstante xa lle dixen que vai haber un compromiso por parte deste equipo de goberno para falar con esas Comisións de Festas e si están dacordo ou teñen algún interés en resaltar máis ese día pois poder colaborar dalgunha maneira; pero que a día de hoxe non sabemos cómo porque temos que falar con esas Comisións de Festas. Polo tanto propoñemos deixar a moción enriba da Mesa e tomála máis como un Rogo a día de hoxe.

Polo Sr. Alcalde en funcións sométese a votación a proposta do PP para deixar enriba da mesa a presente moción, resultando: 8 votos a favor (4, PSOE; 2, EU-SON; 2, BNG); e 8 votos en contra, do PP, polo cal, ó producirse empate no número de votos decide o voto de calidade do Alcalde en funcións, polo cal fica enriba da mesa a Moción presentada por EU-SON.

14.- MOCIÓNS.

14.1.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA- EU SON.

O SR. MONTES SÁNCHEZ, EU-SON da conta da seguinte MOCION:

Silvano Montes Sanchez, voceiro do Grupo Municipal Esquerda Unida - Son no concello de Baiona, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, somete a consideración do Pleno da Corporación para o seu debate e consideración a seguinte moción:

EXPOSICION DE MOTIVOS

Este grupo municipal é consciente da situación dramática que está a sufrir a maioría social. A chamada crise económica lonxe de rematar chegou para quedarse, por moito que algúns utilicen certos indicadores económicos para aparentar unha mellora que nada ten que ver coa realidade nin cos sectores populares.

Dita situación de emerxencia social derivada da crise estrutural, desde fai anos afecta sin distincións a unha maioría social que é agredida por diversas vías; o desemprego, os recortes sociais, os desafiuzamentos, as privatizacións, ou o desmantelamento dos sectores productivos tradicionais. Todxs estamos sendo golpeados, desde os pensionistas ata a xuventude que ten que emigrar, pasando pola clase traballadora, o sector pesqueiro, o pequeno comercio ou os pequenos propietarios do campo, como acabamos de observar no conflito do sector leiteiro.

Polo exposto solicitamos ao Pleno da Corporación Municipal a adpción do seguinte

ACORDO

Esta corporación municipal apola a mobilización convocada polas Marchas da Dignidade prevista para o próximo día 24 de outubro en na Praza do Obradoiro en Compostela, e fai un chamamento os veciños e veciñas deste concello a participar na mesma.

Sometida a Urgencia a votación polo Sr.Alcalde en funcións, resulta: 8 votos a favor (4, PSOE; 2, EU-SON; 2,BNG); e 8 votos en contra, do PP, polo cal, ó producirse empate no número de votos decide o voto de calidade do Alcalde en funcións, polo cal rexeitase a Urgencia.

(Neste intre auséntase da Sala o SR.PEREIRA, BNG)

14.2.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DE EU SON.

EXPLICACION DA URXENCIA.- SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON .

Nós tiñamos constancia de que esta moción a presentara a Confederación Intersindical Galega no Concello de Baiona e ó comprobar que non foi nin na Xunta Informativa nin na Orde do Día pois nos decidimos nós a presentála o 30 de setembro; por iso a sua Urgencia.

Sometida a Urgencia a votación polo Sr.Alcalde en funcións, resulta: 7 votos a favor (4, PSOE; 2, EU-SON; 1,BNG); e 8 votos en contra, do PP, polo cal rexeitase a Urgencia.

(Neste intre incorpórase á sesión o SR.PEREIRA, BNG)

15.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGO DO PSOE.-

SR.LORES.- Queremos trasladar un **ROGO** dunha veciña de Cabreiro, en Baredo, sobre un camiño na subida que soamente se asfaltou a metade, fai uns meses, e agora coas choivas uns metros que quedaron sen asfaltar lle meten auga dentro da casa. Trasladamos o ROGO de que esa obra que se considerou que había que facer fai uns meses pero que non se sabe porqué razóns soamente se construíu a metade, e de feito dixeronnos que había un orzamento de 1.800 euros, e cunha orde expresa do Concello de que so se fixera a metade; pois si son eses 900 euros, que se acabe ese camiño e que os veciños queden atendidos.

ROGO DE EU-SON.-

SR.MONTES SÁNCHEZ.- Aprovechando que agora va a haber que modificar varias cosas, hemos observado que estaban sin modificar 2 temas; 1º.- el equipo de gobierno (estaba figurando el anterior); y la Sra.Domínguez (no es por nada pero quiero estar igual que ella) es la única que no es "Doña", los demás somos Don ó Doña, no importa, el asunto es que me quiten a mí también el "Don", que seamos iguales; supongo que son errores pero ahora que hay que aprovechar para

cambiar el tema. Lo de "Doña" es anecdótico, pero sí es importante lo del equipo de gobierno porque la información que se tenga en la web si está mal es mejor no tenerla.

SR.RODAL (Alcalde en funciones).- Disculpe por lo de "Doña"; todos esos cambios los haremos ya, en cuanto se ponga la nueva cara del Alcalde, ó Alcaldesa, aprovecharemos y cambiaremos todo esto.

PREGUNTAS.-

PREGUNTAS DE EU-SON.-

SR.MONTES SÁNCHEZ.- Teníamos una pregunta más que ahora no tiene sentido hacer en relación con As Escubichas, pero posteriormente como se presentó la Moción que está aún pendiente pues esa pregunta ya no tiene sentido.

1ª PREGUNTA.- Unha vez próxima a chegada do outono co consiguiente acortamiento das horas de luz diurna, ¿valorouse a posibilidade de dotar de luz artificial ás pistas de baloncesto e fútbol sala da Palma co fin de que se poida practicar deporte durante a tarde-noite?.Esta pregunta se puede hacer extensiva a la nueva pista que se ha hecho en Sabarís.

RESPOSTA DO SR.RODAL (Alcalde en funciones).- No le contesto como Alcalde sino como concejal de Electricidad; sí se valoró en su momento; yo fui una de las primeras personas que lo hizo; desde hace 5 años y medio llevo la concejalía de Electricidad y se lo comenté al técnico y se valoró; pero en la nueva pista polideportiva no hemos puesto luz porque a veces lo que ocurre ya no es que vaya a haber "botellón" sino que el tema de que se pueda jugar a determinadas horas de noche puede molestar a los vecinos. En la pista de skate sí lo hemos hecho, hemos puesto un foco con un limitador, obviamente solo para las horas de invierno, y en el recinto de la Palma pasa lo mismo. Podríamos estudiarlo; aunque en el tema de las pistas deportivas es bastante coste; pero sería en época invernal de 5,30 hasta las 9 de la noche. Recordar que en su momento en el paseo fluvial de Baredo se puso luz y desgraciadamente, por vandalismos, pues robaron todas aquellas luces ó las deterioraron, y por ese motivo no las reponemos.

2ª PREGUNTA.- ¿Teñen previsto algunha utilidade para o solar dos Tendales onde estaba previsto construír a piscina cuxo proxecto presentar en setembro de 2010, ou polo menos acondicionalo de modo que deixe de ser un almacen de po e pedras co consiguiente impacto visual e molestias para os veciños da zona?

RESPOSTA DO SR.RODAL (Alcalde en funciones).- Obviamente la piscina no procede volverla a sacar porque en estos momentos aunque la economía esté mejorando entendemos que no sería viable. Se barajan muchas opciones y estamos abiertos a que ustedes nos las propongan. Se barajó si podría ser pistas de paddle, al final no quedó; incluso pensamos en jardines de ciudad, algo que está muy de moda, y lo barajamos; hay distintos temas. Sí estoy un poco de acuerdo con usted en que a veces se utilice para temas de acopio podríamos tener mejor la zona puesto que es una zona muy centrica; pero entendemos que es un terreno municipal que está muy bien situado y tenemos que pensar bien lo que puede ir ahí.

3ª PREGUNTA.- No Pleno do día 2 de Xulio do 2015, en resposta ao portavoz do grupo do BNG, sobre a habilitación dun espazo na páxina web para os grupos municipais, o Sr. Rodal negou tal posibilidade xa que "No existe una obligación legal en cuanto a habilitar un espacio de publicaciones para los grupos con representación en la Corporación Municipal, y para aquellos colectivos que así lo soliciten. La página web es una página institucional; por lo tanto eso no procede".

Botando unha ollada á mencionada páxina, atopámonos con que no inicio da mesma e no apartado "El Municipio", debaixo dos enlaces a "Presentación, Qué hay que saber, Baiona Parroquia a Parroquia y callejero", aparece outro chamado "Blog Parroquial".

Entrando no citado enlace, lévanos ao blog de Javier Olivares autodenominado "Baiones Jubilado". Isto lévanos ás seguintes cuestións: 1ª Qué relación Institucional ten o citado veciño co Concello. 2º Si non a tivera, quén autorizou a inclusión do citado enlace na páxina web oficial do Concello, con qué finalidade e qué requisitos se lle pediron. 3ª Por que non se fixeron públicos estes requisitos para que o resto dos veciños, colectivos, asociacións, etc, teñan tamén a posibilidade de insertar o seu blog en sitio preferente da web do Concello.

RESPOSTA DO SR.RODAL (Alcalde en funciones).- Esta pregunta la dejaré encima de la mesa para el próximo Pleno, dentro de un mes, porque ahora mismo no tengo la respuesta.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr.Alcalde en funcións levantou a sesión sendo as catorce horas e vinte minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, CERTIFICO.

